

## DECÁLOGO DE BASES POLÍTICAS

Velaí as bases políticas da **nova forza**, un proxecto plural que nace cunha firme vontade de transformar o noso país e a sincera aspiración de serlles útil ás súas xentes.

1. A **nova forza** nace porque as organizacións políticas existentes en Galicia se revelaron incapaces de dar resposta ás necesidades e inxerencias da cidadanía.
2. A **nova forza** asenta nunha base plural e ofrécese como casa común dos cidadáns e cidadás de conviccións galeguistas e transformadoras, acollendo as achegas do galeguismo político e o soberanismo cívico, o progresismo inclusivo e a esquerda renovadora.
3. A principal razón de ser da **nova forza** é defender os intereses de Galicia no seu conxunto, para o cal se propón conseguir as maiores cotas de autogoberno para a nosa nación, opoñéndose frontalmente á ofensiva neocentralista.
4. A **nova forza** propugna un modelo económico e social que ofrezca ao conxunto da sociedade a posibilidade de acceder, en condicións de igualdade, a uns servizos básicos universais, públicos e de calidade.
5. A **nova forza** aposta por un modelo de desenvolvemento económico sustentable que xere riqueza e benestar para a maioría, fundado no respecto polo medio ambiente e no fomento da innovación, a creatividade e as iniciativas emprendedoras responsables.
6. A **nova forza** porá todo o seu empeño na dignificación e posta en valor da identidade, a cultura, a lingua e o rico patrimonio de Galicia -no eido natural, paisaxístico, histórico-artístico e monumental- gravemente ameazado de sobreexplotación e desleixo.
7. A **nova forza** defenderá a igualdade entre homes e mulleres, a sustentabilidade ecolóxica, o pacifismo, a xustiza social e os dereitos humanos e dos pobos.
8. A **nova forza** impulsará a rexeneración da vida pública e a reforma das institucións e promoverá a participación cidadá na política, asumindo como principios básicos a responsabilidade, a transparencia e a esixencia ética no desempeño de cargos públicos.
9. A **nova forza** ten unha clara vocación de goberno, pois aspira a converterse nun proxecto político maioritario convencendo á cidadanía do acerto das súas propostas e mediante unha acción política tan eficaz como exemplar.
10. O proxecto político da **nova forza** proponse afrontar os grandes retos de futuro do país, pero sen esquecer que o prioritario é darlle resposta ás necesidades concretas dos galegos e das galegas neste difícilísimo momento histórico.